



Facultade de Ciencias da Saúde
Grao en Terapia Ocupacional
Curso académico 2020-2021

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Como pode a Terapia Ocupacional favorecer
a inclusión nunha escola ordinaria?**
**Proxecto de investigación dende a voz da
comunidade educativa.**

Uxía Leis Piñeiro

Febreiro 2021

DIRECTORES

Silvia Veiga-Seijo. Terapeuta Ocupacional. Máster en Asistencia e Investigación Sanitaria. Experta Universitaria en Educar en la No Violencia, UNED.

César Bouzón Seoane. Terapeuta Ocupacional

Como puede la Terapia Ocupacional favorecer la inclusión?

“La infancia es la etapa en que todo se construye. De ahí la importancia de una educación personalizada y de calidad.”

Paulo Freire

ÍNDICE

RESUMO	6
RESUMEN	7
ABSTRACT	8
1. Antecedentes e estado actual do tema	9
1.1. A educación inclusiva: unha necesidade no contexto escolar	9
1.2. Lexislación e Contextualización da Educación Especial no	
 ámbito nacional	11
1.3. Terapia Ocupacional e educación inclusiva	16
1.3.1. O dereito á educación como ocupación	16
1.3.2. Aproximación á Terapia Ocupacional e a inclusión no	
 ámbito educativo	18
1.4. Xustificación	20
2. Bibliografía relevante	22
3. Obxectivos	29
3.1. Xeral	29
3.2. Específicos	29
4.1. Tipo de estudo	30
4.2. Posición da investigadora	30
4.3. Ámbito de estudo	31
4.4. Poboación do estudo e selección dos participantes	31
4.5. Entrada ao campo	33
4.6. Técnica de recollida de datos	34
4.7. Análise e interpretación dos datos	36

4.8. Criterio de rigor e calidade da investigación.....	36
4.9. Plan de continxencias.....	38
4.10. Aplicabilidade.....	39
5. Plan de traballo.....	39
6. Aspectos éticos.....	41
7. Plan de difusión de resultados.....	41
8. Financiación da investigación.....	42
8.1. Recursos precisos.....	42
8.2. Posibles fontes de financiación.....	45
9. Agradecementos.....	46
Apéndice I: Glosario.....	47
Apéndice II: Táboa de evolución lexislativa.....	48
Apéndice III: Carta ao centro educativo.....	52
Apéndice IV: Aceptación da colaboración por parte do centro educativo.....	53
Apéndice V: Folla de información para o representante legal.....	54
Apéndice VI: Folla de información ao participante nun estudo de investigación.....	57
Apéndice VII: Consentimento informado.....	61
Apéndice VIII: Consentimento adaptado para nenos/as.....	63
Apéndice IX: Guión de entrevista para o alumnado.....	64
Apéndice X: Guión de entrevista para o profesorado e PAS.....	66
Apéndice XI: Guión de entrevista para as familias.....	68

RESUMO

Título: Como pode a Terapia Ocupacional favorecer a inclusión nunha escola ordinaria? Proxecto de investigación dende a voz da comunidade educativa.

Introdución: A inclusión educativa é un Obxectivo do Desenvolvemento Sostible da Axenda de 2030. En España, existe unha evolución lexislativa respecto ao proceso de inclusión no ámbito educativo de nenos e nenas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. A pesar disto, a inclusión educativa é aínda un fin a a nas escolas ordinarias galegas. Dende Terapia Ocupacional, búscase favorecer a inclusión na escola en colaboración e cooperación coa comunidade educativa

Obxectivos: Explorar as contribucións e desafíos que presenta a Terapia Ocupacional para favorecer a inclusión de nenos e nenas con diversidade funcional nunha escola ordinaria galega dende a voz da comunidade educativa.

Metodoloxía: Para acadar o obxectivo descrito empregárase unha metodoloxía cualitativa dende un enfoque fenomenolóxico. Desta maneira poderemos recadar información de maneira individual por medio das entrevistas semiestruturadas que se lle realizarán aos participantes: nenos/as, profesorado, PAS e familias.

Palabras clave: inclusión, ámbito educativo, Terapia Ocupacional, diversidade funcional.

RESUMEN

Título: ¿Cómo puede la Terapia Ocupacional favorecer la inclusión en un colegio ordinario? Proyecto de investigación desde la voz de la comunidad educativa.

Introducción: A inclusión educativa es un Objetivo del Desarrollo Sostenible de la Agenda de 2030. En España, existe una evolución legislativa respecto al proceso de inclusión en el ámbito educativo de niños y niñas con Necesidades Específicas de Apoyo Educativo. A pesar de esto, la inclusión educativa es todavía un fin a alcanzar en las escuelas ordinarias gallegas. Desde Terapia Ocupacional, se busca favorecer la inclusión en la escuela en colaboración y cooperación con la comunidad educativa.

Objetivo: Explorar las contribuciones y desafíos que presenta la Terapia Ocupacional para favorecer la inclusión de niños y niñas con diversidad funcional en una escuela ordinaria gallega desde la voz de la comunidad educativa.

Metodología: Para alcanzar el objetivo descrito se empleará una metodología cualitativa desde un enfoque fenomenológico. De esta modo, poderemos recoger información de manera individual mediante las entrevistas semiestructuradas que se le realizarán a los participantes: niños/as, profesorado, PAS y familias.

Palabras clave: inclusión educativa, ámbito educativo, Terapia Ocupacional, diversidad funcional.

ABSTRACT

Title: How can Occupational Therapy promote inclusion in an ordinary school? A research project from the voice of the educational community

Introduction: The inclusive education is one 2030 agenda objective of sustainable development. In Spain there is a legislative development regard to the inclusion process in the academic field of children with specific educational support requirements. Despite this, inclusive education is still a goal to be achieved in Galician ordinary schools. The purpose of Occupational Therapy is to promote the inclusion in schools in cooperation with educational communities.

Objectives: to explore the contributions and challenges posed by Occupational Therapy to favour the children with functional diversities's inclusive in a Galician regular school from educational Community voice.

Methodology: qualitative methodology from a phenomenological perspective will be use to achieve the described goal. In this way, we will be able to gather information invidually by means of semi-structured interview, which will be given to participantans: children, teachers, administration and services staff and families.

Keywords: inclusion, educational sphere, Occupational Therapy, functional diversity.

1. Antecedentes e estado actual do tema

No presente documento preséntase un Proxecto de Investigación, o cal propón avanzar na inclusión de nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo nunha escola ordinaria. Para iso, dende T.O afondarase sobre as aportacións, contribucións e desafíos dende dita disciplina para acadar dito obxectivo no contexto educativo galego. Para comprender mellor o proxecto neste apartado articúlase: 1) Introducción á educación inclusiva, 2) Educación especial no ámbito nacional, 3) Terapia Ocupacional no ámbito educativo e, finalizando, co punto 4) Xustificación.

1.1. A educación inclusiva: unha necesidade no contexto escolar

Actualmente o concepto de educación inclusiva podémolo atopar definido segundo a UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura) coma o proceso de identificar e responder á diversidade das necesidades de todos/as os/as estudantes por medio da maior participación, aprendizaxe, culturas e comunidades, reducindo a exclusión en dito ámbito¹. Ademais disto, dito concepto enténdese coma o conxunto de procesos que fomentan a participación dos/as estudantes en diferentes culturas, plans de estudos e comunidades das escolas locais, entendendo esta coma un proceso de mellora escolar que se centra nos/as nenos/as que se excluiron por calquera motivo, sendo un deles as necesidades específicas de apoio educativo².

Hoxe en día a importancia que se lle concede a este proceso social, como é a educación inclusiva, reflíctese en diferentes organizacións. En primeiro lugar a ONU, organización que na Axenda 2030 establece coma Obxectivo do Desenvolvemento Sostible (ODS) “*Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos*”³. En segundo lugar, cabe destacar a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948), en concreto o artigo 26, o cal manifesta que: “*Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe*

*ser gratuíta, polo menos ao que se refire á instrución elemental e fundamental. A instrución elemental será obrigatoria. A instrución técnica e profesional deberá ser xeneralizada; o acceso aos estudos superiores será igual para todos, en función dos méritos respectivos.”*⁴. En terceiro lugar, a Convención sobre os Dereitos das persoas con discapacidade (2006) no seu artigo 24 declara que “Os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade á educación. Con miras a facer efectivo este dereito sen discriminación sobre a base da igualdade de oportunidades”⁵, deste xeito, continuando no mesmo artigo, afirmase que as persoas con discapacidade non quedarán excluídas do ámbito educativo por motivos de discapacidade, caracterizándose dita educación por ser inclusiva. Finalmente, en cuarto lugar debemos de mencionar dentro do marco legislativo a “Ley Orgánica 30/2020 de diciembre” na cal se fai especial énfase en garantir unha educación educativa, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo en canto se detecten as dificultades⁶.

Como se indicou anteriormente, a educación inclusiva non se refire exclusivamente ás persoas con diversidade funcional, senón a todo tipo de diversidade. Sen embargo, neste proxecto poñeremos o foco de atención nas persoas con discapacidade funcional, é por iso polo que se considera preciso establecer a definición de dito concepto: diversidade funcional.

“Diversidade funcional” xorde no ano 2005 por medio do Foro de Vida Independente (FVI), deste xeito, estamos a empregar un termo que se axusta a realidade na que unha persoa “funciona” de maneira diferente ou diversa respecto á maioría da sociedade⁷.

Coñecendo esta información, e dado que este proxecto centrarse nunha escolar ordinaria que inclúe a Educación Especial, considérase necesario realizar un análise actual da situación sobre a Educación Especial en España, como se presenta a continuación. Deste xeito, poderemos comprender o contexto legal e xustificar a elaboración de dito estudo, o cal

está principalmente dirixido cara nenos e nenas con diversidade funcional; a pesar de que, como ben se explicou anteriormente, a inclusión diríxese á todos/as, non tan só ás persoas con diversidade.

1.2. Lexislación e Contextualización da Educación Especial no ámbito nacional

En relación ao ámbito educativo do que estamos a falar e para a comprensión deste proxecto, é preciso aclarar o significado do termo Educación Especial.

En primeiro lugar, indicar que, actualmente, o concepto que se emprega para referirse a este colectivo é o de alumno/a con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE), un concepto que inclúe aspectos como a incorporación tardía ao centro educativo, condicións persoais ou historial académico, sen soamente restrinxirse á discapacidade ou ao trastorno de conduta como se plasmaba co termo “ACNEE” (Alumno con necesidades educativas especiais).⁸

Ademais, se queremos propoñer unha educación inclusiva para as persoas con diversidade funcional, é preciso coñecer as leis vixentes en España para acadar dito obxectivo. Debemos de ter en conta que a evolución das mesmas marcan a evolución dos dereitos dos/as nenos/as con diversidade funcional. Deste xeito, preséntase unha aproximación á evolución das leis educativas (Apéndice II): comezando pola primeira “Ley General de Educación y Financiación de la Reforma Educativa” a cal incorpora o concepto de integración escolar e a consideración da Educación Especial coma un sistema educativo paralelo ao ordinario⁹; rematando, finalmente pola lei actual: Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, a cal fai especial énfase no proceso de inclusión realizando modificacións da Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo de Educación.

En dita evolución plásmase unha mellora cara o proceso de inclusión. Na

lei actual de educación reflíctese a necesidade de evolucionar respecto á escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, favorecendo que esta se realice en centros ordinarios sempre e cando existan recursos precisos para resolver as necesidades do alumnado con diversidade funcional.⁶

No caso de considerar e visualizar a educación especial dende unha perspectiva máis analítica, baseándonos en datos numéricos, debemos destacar os seguintes aspectos: en primeiro lugar debemos de plasmar a contextualización sobre as cifras dos/as alumnos/as con NEAE existentes no ámbito nacional na educación non universitaria. Esta cifra acada un total de 439.665. Na seguinte táboa (Táboa I) podemos observar o desglose desta cifra en función do tipo de centro onde están matriculados/as os/as estudantes, as destacan nos centros privados.¹⁰

Táboa I: Alumnado con N.E.A.E por tipoloxía de Centro

	Total 439.665
Público <ul style="list-style-type: none"> • Necesidades Educativas Especiais • Altas Capacidades Intelectuais • Integración tardía no sistema educativo • Outras categorías de necesidades específicas 	336 <ul style="list-style-type: none"> • 119.053 • 11.548 • 6.909 • 198.62
Centros Privados-Ensinanza concertada <ul style="list-style-type: none"> • Necesidades Educativas Especiais • Altas Capacidades Intelectuais • Integración tardía no sistema educativo • Outras categorías de necesidades específicas 	99.867 <ul style="list-style-type: none"> • 44.451 • 3.792 • 2.288 • 49.336
Centros Privados - Ensinanza privada <ul style="list-style-type: none"> • Necesidades Educativas Especiais • Altas Capacidades Intelectuais • Integración tardía no sistema educativo • Outras categorías de necesidades específicas 	3667 <ul style="list-style-type: none"> • 1.597 • 536 • 35 • 1.499

Táboa I: Elaboración propia cos datos recollidos da “Revisión de la OCDE de las políticas para mejorar la efectividad del uso de los recursos educativos Informe de la Investigación relacionada con España”

Por outra banda, tamén se amosa un reparto da porcentaxe de alumnado con NEAE por comunidades autónomas na seguinte figura (Figura 1). Como podemos observar, Galicia correspóndese coa terceira comunidade autónoma con maior proporción de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.¹⁰

Figura I: Porcentaxe alumnado con N.E.A.E




Figura I: Elaboración propia con datos obtidos da “Revisión de la OCDE de las políticas para mejorar la efectividad del uso de los recursos educativos”.

Neste proxecto establecemos o foco de atención en nenos e nenas con diversidade funcional. Segundo a ONU, en España pódese estar contribuíndo a un sistema discriminatorio que, de feito, emprega disposicións legais vixentes para manter dous sistemas educativos diferenciados (educación especial e escola ordinario). Isto pode levar á exclusión dos/as estudantes con diversidade funcional da educación xeral. Tal e como presenta o Informe da Investigación relacionada con España baixo o artigo 6 do Protocolo Facultativo, “o Comité considera que a información dispoñible revela violacións ao dereita á educación inclusiva e

de calidade principalmente vinculadas á perpetuación...”¹¹. Segundo o Observatorio Estatal de la Discapacidad, pode que esta situación veña dada por diferentes cuestións. Unha delas pode ser a falta de recursos de apoio especializados no ámbito ordinario, pois son escasas as comunidades autónomas que contan coa participación de profesionais con formación en diversidade funcional na aula. Ademais, débese contemplar a necesidade existente para capacitar ao profesorado respecto á formación e sensibilización cara á inclusión educativa.¹¹

Ademais, é necesario considerar que na actualidade existen desafíos para acadar a inclusión educativa nas escolas ordinarias:¹⁷

- Necesidade de identificar e afondar unha concepción máis uniforme e mais completa, obtendo así unha visión global das necesidades educativas de apoio especial, levándoo á comunidade educativa e, a posteriori á toda a sociedade.

- Necesidade dun modelo curricular que facilite acadar unha escola inclusiva, así coma a convivencia, colaboración e participación de todos e todas.

- A importancia de reorganizar a estrutura de servizos persoais e materiais para garantir a prestación de apoios especiais para os/as alumnos/as.

- Mellorar a calidade de vida dos servizos ofertados na escola ordinaria en vez de centrarse unicamente nos resultados académicos.

- Ter en conta a atención que se debe prestar a aquelas persoas que precisen de adaptacións do medio para conseguir independencia.

- Existe ambigüidade na lexislación que regula a escola inclusiva.

- Necesidade de garantir unha coordinación e colaboración institucional.

- Aportar formación inicial e continua ao profesorado respecto ás diversidades funcionais do alumnado.

-Preciso incluír a capacitación das familias no proceso educativo para permitir ofrecer aos seus fillos/as unha educación cos recursos necesarios e totalmente inclusiva.

A realidade legal presentada, a contextualización das cifras a nivel nacional e autonómico, así como os desafíos ós que afronta as escolas ordinarias para acadar unha inclusión educativa, xustifica necesidade de investigar o tema en cuestión, isto é, a inclusión das persoas con diversidade funcional no ámbito educativo. Ademais, o contexto actual de pandemia incrementa situacións de vulnerabilidade respecto ao acceso á educación, como pode ser o aumento do nivel de pobreza na infancia e a exclusión social, así como limitacións no acceso á dispositivos tecnolóxicos.¹⁴

Dado que este proxecto é presentado dende a disciplina da Terapia Ocupacional, a continuación, preséntase a relación da mesma coa educación inclusiva, para así poder reflectir a relevancia da disciplina no ámbito educativo.

1.3. Terapia Ocupacional e educación inclusiva

1.3.1. O dereito á educación como ocupación

Entendemos por Terapia Ocupacional a profesión que se ocupa da promoción da saúde e do benestar a través da ocupación. O principal obxectivo da Terapia Ocupacional é capacitar ás persoas nas actividades da vida diaria.¹⁵

O documento de posicionamento da World Federation Occupational Therapy (WFOT) sobre os dereitos humanos outorga importancia no dereito de cada persoa a participar nas ocupacións que o permitan favorecer e acadar o seu potencial, saúde e benestar; entre as que se atopan a participación na educación.¹⁶ A continuación, realízase unha aproximación do concepto de ocupación e educación.

No ano 1993, Yerxa, define a ocupación como “cantidades específicas de actividade dentro del curso progresivo de la conducta humana que reciben una denominación en el vocabulario de la cultura”¹⁷. Outra definición de ocupación pode ser a recollida no libro “Terapia Ocupacional sin Fronteras”, comprendéndose ocupación como todas as actividades significativas que os individuos levan a cabo para manter o seu coidado persoal, produtividade e ocio para atopar un significado ás súas vidas.²

Enlazado con isto, no Marco de Traballo da American Occupational Therapy Association (AOTA) establécese unha clasificación das ocupacións, as cales son categorizadas polo/a usuario/a en función das súas necesidades e intereses. No Marco de Traballo a categoría de “Educación” inclúe as actividades necesarias para o aprendizaxe e a participación no ambiente. Nesta mesma categoría faise referencias a tres subapartados: “participación na educación formal, exploración das necesidades educativas informais ou de interese persoal e participación na educación persoal informal”.¹⁸

Como ben sabemos, a día de hoxe, en España é obrigatorio permanecer durante dez anos escolarizado (dende os seis até os dezaseis anos de idade).¹⁹ Isto xustifica que, neste país, nunha ampla etapa das nosas vidas os seres humanos participamos na educación coma ocupación. Neste sentido os/as nenos/as con NEAE atópanse con dificultades (infraestrutura, falta de profesionais especializados, falta de adecuacións curriculares e falta de participación por parte dos/as nenos/as) para acceder de maneira equitativa á participación na educación coma ocupación.²⁰ Seguindo a autoras como Townsend & Wilcock, o feito de que nenos/as con NEAE non poidan participar na escola en igualdade pode supoñer situacións de inxustiza ocupacional²¹. É por esta razón pola que, como terapeutas ocupacionais, precisamos traballar para acadar situacións de xustiza ocupacional nas escolas ordinarias.

Comprendemos por xustiza ocupacional o compromiso da profesión coa ética, moral e factores cívicos, os cales repercuten na promoción da saúde.²¹

Relacionando a xustiza ocupacional coa T.O xorde a necesidade de nomear a práctica de T.O baseada na Rehabilitación baseada na comunidade (RBC). A RBC defínese coma unha estratexia que se debe levar á práctica dentro do desenvolvemento xeral da comunidade para acadar servizos de rehabilitación, equiparación de oportunidades e inclusión social de todos/as os/as nenos/as e adultos con discapacidade. Dita estratexia ponse en práctica no momento en que se crea a unión dos esforzos das propias persoas con diversidade funcional, as súas familias e comunidades, así coma os servizos sanitarios, educativos. O principal obxectivo é asegurar que as persoas con diversidade reforcen ao máximo as súas ocupacións, teñan acceso aos servizos regulares, igualdade de oportunidades e se convertan en membros activos, podendo contribuír á vida da súa comunidade e sociedade.²²

A continuación, artículase a figura do/a Terapeuta Ocupacional no ámbito educativo e no fomento da educación inclusiva.

1.3.2. Aproximación á Terapia Ocupacional e a inclusión no ámbito educativo

Tras unha revisión bibliográfica referente ao tema de estudo, podemos aproximarnos o que un/ha Terapeuta Ocupacional pode aportar no ambiente educativo para favorecer a inclusión. A continuación, preséntase unha análise dos artigos relacionados coa temática.

Para comezar, indicar que, a T.O neste ámbito propiciárase sempre e cando exista coordinación é colaboración, imprescindibles co equipo docente.²³ Do mesmo xeito, outórgaselle importancia á inclusión das familias no proceso, facéndoos partícipes do mesmo, coordinándose e colaborando con eles/as para así, asegurar a transferencia e a

xeneralización de novas habilidades que sucedan.²⁴ Finalmente, un aspecto necesario é que o/a terapeuta ocupacional, debe desenvolver alianzas entre iguais (para establecer obxectivos de colaboración).²³

Benson & Szucs conclúen no seu estudo que as as funcións do/a terapeuta ocupacional débense levar a cabo en base a identificación previa dos puntos fortes e os factores que poidan interferir no proceso de aprendizaxe e participación dos/as nenos/as, no contexto das actividades educativas, rutinas e entornos.²³

De seguido, a bibliografía informa sobre a posibilidade da reestruturación do currículo como base da intervención, pois deste xeito os obxectivos establecidos acadaríanse de maneira máis sinxela. Deste modo, permitiríase involucrar ao neno/a no contexto do entorno educativo, especificamente da aula. Unha vez que estivese incluído no contexto, o/a terapeuta ocupacional facilitaría a participación dos nenos/as nas actividades.²⁵

Así mesmo, Rens & Joosten, recóllense determinados resultados. Un deles é a necesidade de que un Terapeuta Ocupacional inverta mais tempo na escola e que expliquen o seu papel e funcións que poden desempeñar no ámbito educativo²⁶. Así mesmo, recóllese a necesidade de sensibilizar a todas aquelas persoas que forman parte do entorno do/a usuario/a². Desta maneira, todos/as os/as terapeutas ocupacionais deben de avogar porque todas as partes involucradas no proceso estean informadas durante o mesmo.²⁴

Neste sentido, na Universidade de A Coruña, durante os últimos anos incrementouse a realización de Traballos Fin de Grado relacionados coa educación inclusiva dende a disciplina de T.O. No proceso de revisión de ditos documentos obsérvase aspectos comúns. En primeiro lugar, tanto Vázquez²⁷ coma Ortiz²⁸, coinciden en concluír coa importancia da creación de alianzas entre o profesorado, coa familia e cos/as nenos/as. Ademais disto, obsérvase a necesidade de incluír a figura do/a terapeuta

ocupacional para promover a inclusión educativa.^{27 28} Neste sentido, Otero plasma a inclusión desta disciplina no equipo profesional da educación²⁹, así coma Vázquez reflicte a necesidade de formación dos/as terapeutas ocupacionais para desempeñar o rol promotor da inclusión.²⁷

Pola contra, Espiño, conclúe que no ámbito educativo existe un descoñecemento xeral do que a T.O pode aportar. Non obstante, informa que hai aceptación por parte do profesorado respecto a inclusión dos/as terapeutas ocupacionais ante a falta de recursos humanos en dito ámbito.³⁰ Respecto a isto, González presenta no seu proxecto de investigación o obxectivo de indagar na percepción e coñecemento de profesorado e pais e nais sobre a T.O.³¹

Finalmente, segundo a revisión bibliográfica de Otero, obsérvase que existen beneficios a nivel social e comunitario a raíz da educación inclusiva.²⁹ Deste xeito, tal e como amosa Ortiz, precísase produción científica respecto ao tema a tratar.²⁸

1.4. Xustificación

Tras a revisión bibliográfica respecto o estado actual da inclusión educativa en España xunto coas posibles contribucións que se poden levar a cabo dende Terapia Ocupacional, conclúese que a incorporación desta disciplina no ámbito educativo non está totalmente instaurada, en comparación con outros países, como por exemplo Estados Unidos, onde a figura do/a TO está presente no entorno educativo.

A pesar de que a nivel internacional existe bibliografía que expón as funcións e o rol da T.O no ámbito educativo, actualmente en España este rol non está instaurado por completo. Polo que, segundo os estudos revisados, o obxectivo de T.O neste ámbito é favorecer a inclusión na escola en colaboración e cooperación coa comunidade educativa: alumnado, profesorado, PAS e familias.

Tendo en conta que dende T.O a educación é unha das principais ocupacións na etapa de desenvolvemento do/a neno/a, e sendo a escola un dos principais espazos nos que o os/as nenos/as se atopan en gran parte da súa rutina, é necesario desenvolver estudos sobre a figura da T.O. para favorecer a inclusión dos/as nenos/as con diversidade funcional nas escolas ordinarias en Galicia e España. Neste sentido, aínda que a figura do T.O. no ámbito educativo en Galicia é escasa, a estudante tivo a oportunidade de participar como alumna de prácticas nunha escola ordinaria galega que incluía aulas específicas de Educación Especial. Nesta experiencia, e sendo consciente da importancia da inclusión educativa nas escolas ordinarias, a estudante incluíuse en aulas onde estudaba algún/ha neno/na con NEAE para afondar sobre as necesidades do/da mesmo/a e poder analizar como podería dende T.O cun enfoque inclusivo. Así mesmo, tras realizar a busca bibliográfica presente neste traballo e afondar nos conceptos presentados, establececese a seguinte pregunta: cales son as contribucións e os desafíos que presenta a T.O para acadar a inclusión nunha escola ordinaria?

2. Bibliografía relevante

1. Echeita, G., & Ainscow, M. La educación inclusiva como derecho. Marco de referencia y pautas de acción para el desarrollo de una revolución pendiente. Revista de Didáctica de la Lengua y la Literatura [Internet]. 2011 [consultado maio de 2020]; 12 (1): 26-46. Disponible en: [https://repositorio.uam.es/bitstream/handle/10486/661330/educacion_echeita TEJUELO 2011.pdf?sequence=1&isAllowed=y](https://repositorio.uam.es/bitstream/handle/10486/661330/educacion_echeita_TEJUELO_2011.pdf?sequence=1&isAllowed=y)
2. Kramer- Roy D. Terapia Ocupacional sin fronteras. 1ª ed. Madrid, España: Editorial Médica Panamericana, 2007. Capítulo 24, Educación inclusiva en Pakistán; 329-338.
3. Organización de Naciones Unidas. Objetivos de Desarrollo Sostenible [Internet]. ONU; 2015. [consultado maio de 2020]. Disponible en: https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/wp-content/uploads/sites/3/2016/10/4_Spanish_Why_it_Matters.pdf
4. Organización de las Naciones Unidas (ONU). Declaración Universal de los Derechos Humanos. [Internet]. ONU; 1948 [consultado maio 2020]. Disponible en: <https://www.un.org/es/universal-declaration-human-rights/>
5. Morantinos Cuyaubé MA. Convención de los derechos de las personas con discapacidad. BOE [Internet]. 21 de abril de 2008 [consultado maio de 2020];(96): 20648-20659. Disponible en: <https://www.boe.es/boe/dias/2008/04/21/pdfs/A20648-20659.pdf>
6. Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. España: Boletín Oficial del Estado; 2020.
7. Romañach J. y Lobato M. Foro de Vida independiente y Diversidad [Internet]. Madrid. Diversidad funcional, nuevo término para la lucha por la dignidad en la diversidad del ser humano. Mayo de 2005 [consultado maio 2020]; [1-8]. Disponible en: http://forovidaindependiente.org/wp-content/uploads/diversidad_funcional.pdf

8. Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. España: Boletín Oficial del Estado; 2013.
9. Ley 14/1970, de 4 de agosto, General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa. España: Boletín Oficial del Estado;1970.
10. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Revisión de la OCDE de las políticas para mejorar la efectividad del uso de los recursos educativos[Internet]. España; 2016 [consultado octubre 2020]. Disponible en: <http://www.oecd.org/education/school/CBR%20Spain%20Spanish%20version.pdf>
11. Naciones Unidas [Internet]. España. Informe de la Investigación relacionada con España bajo el artículo 6 del Protocolo Facultativo. 4 de junio de 2017 [consultado Xuño 2020]; [1-19]. Disponible en: http://tbinternet.ohchr.org/_layouts/treatybodyexternal/Download.aspx?symbolno=CRPD/C/20/3&Lang=en
12. Observatorio estatal de la Discapacidad [Internet]. Observatorio Estatal de la Discapacidad; 2019[consultado setembro 2020]. Disponible en: https://www.observatoriodelainfancia.es/ficherosoia/documentos/7172_d_OED-ALUMNADO-CON-DISCAPACIDAD.pdf
13. Álvarez-Rojo, et al. Perfiles docentes para el Espacio Europeo de Educación Superior (EEES) en el ámbito universitario español. RELIEVE [Internet].2009[setembro 2020];15 (1):1-18. Disponible en: http://www.uv.es/RELIEVE/v15n1/RELIEVEv15n1_1.htm
14. UNIR [Internet]. La Rioja: UNIR;2020 [consultado setembro 2020]. Disponible en: <https://www.unir.net/educacion/revista/vulnerabilidad-educativa-y-covid-19-ahondando-en-la-brecha-tecnoeducativa/>
15. Simó Algado S. Una Terapia Ocupacional desde un paradigma crítico. TOG [internet]. 2015 [consultado Xuño 2020]; 12 (7): 25-40. Disponible en: <http://www.revistatog.com/mono/num7/critico.pdf>

16. Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionales. WFOT Position Statement. Inclusive Occupational Therapy Education [Internet]. Ljubljana [actualizado 2009; consultado setiembre 2020]. Disponible en: <https://apeto.com/assets/posicionamiento-educacion-inclusiva-en-to.pdf>
17. Moruno Miralles P. Acerca del concepto de ocupación. TOG (A Coruña) [Revista en Internet]. 2010 [consultado setiembre 2020]; 7(6): 40-58. Disponible en: <http://www.revistatog.com/suple/num6/concepto.pdf>
18. Ávila Álvarez A, Martínez Piédrola R, Matilla Mora R, Máximo Bocanegra M, Méndez Méndez B, Talavera Valverde MA et al. Marco de Trabajo para la práctica de la Terapia Ocupacional : Dominio y proceso. 2da Edición [Traducción]. www.terapia-ocupacional.com [portal en Internet]. 2010 [-fecha de la consulta-]; [85p.]. Disponible en: <http://www.terapia-ocupacional.com/aota2010esp.pdf> Traducido de: American Occupational Therapy Association (2008). Occupational therapy practice framework: Domain and process (2nd ed.).
19. Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. España: Boletín Oficial do Estado; 2006.
20. Giacconi Moris, C., Zoia Pedrero, S., Pamela San Martín P. La discapacidad: Percepciones de cuidadores de niños, niñas y jóvenes en situación de discapacidad. Psicoperspectivas. 2017. 16(1): 55-67. Disponible en: https://scielo.conicyt.cl/scielo.php?pid=S0718-69242017000100006&script=sci_arttext
21. Townsend, E. Occupational justice and Client-Centred Practice: A Dialogue in Progress. Canadian Journal of Occupational Therapy. 2004. 71(2):75-87. Disponible en: https://www.researchgate.net/publication/8553036_Occupationaljustice_and_Client-Centred_Practice_A_Dialogue_in_Progress
22. Pino, J., Ceballos, M. Terapia Ocupacional comunitaria y rehabilitación basada en la comunidad: hacia una inclusión sociocomunitaria. Revista

- Chilena de Terapia Ocupacional [Internet].2015 [consultado setembro 2020]; 15(2):1-15. Disponível em: <https://ultimadecada.uchile.cl/index.php/RTO/article/view/38167>
23. Benson JD. Szucs KA. Teacher's perceptions of the role of Occupational therapist in school. Journal of Occupational Therapy, Schools & Early Intervention [internet]. Agosto 2016 [consultado setembro 2020]; 9 (3): 290-301. Disponível em: <https://doi.org/10.1080/19411243.2016.1183158>
24. Jeryl, D. Benson,E., Kathleen, E.,Wechsler MS. IINDSEY, MS. Parent perceptions of school-based Occupational Therapy Services [internet]. Xullo 2015 [consultado setembro 2020];8 (2): 126-135. Disponível em: <https://www.tandfonline.com/doi/abs/10.1080/19411243.2015.1040944>
25. Benson, J. School-Based Occupational Therapy Practice: Perceptions and realities of Current Practice and the Role of Occupation [internet]. Agosto 2013[consultado setembro 2020];6(2):165-178. Disponível em: https://www.researchgate.net/publication/265593823_School-Based_Occupational_Therapy_Practice_Perceptions_and_Realities_of_Current_Practice_and_the_Role_of_Occupation
26. Rens, L., & Joosten, A. Investigating the experiences in a school-based occupational therapy program to inform community-based paediatric occupational therapy practice. Australian Occupational Therapy Journal [internet]. 2014 [consultado setembro 2020] ; 61(3): 148-158. Disponível em: <https://onlinelibrary.wiley.com/doi/abs/10.1111/1440-1630.12093>
27. Vázquez Quintana, M. Construyendo alianzas: estudio de alcance de la producción científica de terapia ocupacional en el contexto educativo. [Trabajo de Fin de Grao]. A Coruña: Universidade de A Coruña;2019. Disponível em: https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/23905/VázquezQuintana_Marta_TFG_2019.pdf?sequence=2&isAllowed=y

28. Ortiz Domínguez, N. Terapia Ocupacional en las escuelas ordinarias: exploración de la realidad en España. [Traballo de Fin de Grao]. A Coruña: Universidade de A Coruña; 2019. Disponible en: [https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/23904/OrtizDom%C3%ADnguez Noem%C3%AD TFG 2019.pdf?sequence=2&isAllowed=y](https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/23904/OrtizDom%C3%ADnguez%20Noem%C3%AD%20TFG%202019.pdf?sequence=2&isAllowed=y)
29. Otero Otero, V. Terapia Ocupacional y Educación Inclusiva: una aproximación a la producción científica.[Traballo de Fin de Grado]. A Coruña: Universidade de A Coruña; 2015. Disponible en: [https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/16795/OteroOtero Vanessa TFG 2015.pdf?sequence=2&isAllowed=y](https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/16795/OteroOtero%20Vanesa%20TFG%202015.pdf?sequence=2&isAllowed=y)
30. Espiño Abela, M. Exploración do significado outorgado á educación, á inclusión e á Terapia Ocupacional dende a perspectiva do profesorado de escolas do ámbito rural da provincia de A Coruña. [Traballo de Fin de Grao]. A Coruña: Universidade de A Coruña; 2019. Disponible en: [https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/24452/EspiñoAbela Maria TFG 2019.pdf?sequence=2&isAllowed=y](https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/24452/Espi%C3%ADo%20Abela%20M%C3%A1r%C3%ADa%20TFG%202019.pdf?sequence=2&isAllowed=y)
31. González Blanco, S. Terapia Ocupacional y Educación. Explorando la figura del terapeuta ocupacional en un centro educativo. [Traballo de Fin de Grao]. A Coruña: Universidade de A Coruña; 2017. Disponible en: [https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/19483/GonzálezBlanco Sandra TFG 2017.pdf?sequence=2&isAllowed=y](https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/19483/Gonz%C3%A1lez%20Blanco%20Sandra%20TFG%202017.pdf?sequence=2&isAllowed=y)
32. Salgado Lévano, A.C. Investigación cualitativa: diseños, evaluación del rigor metodológico y retos. LIBERABIT [internet].2007 [consultado outubro 2020];13: 71-78. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2766815>
33. Guerrero Bejarano, M.A. La investigación cualitativa. INNIVA Research Journal [Internet] 2016 [consultado outubro 2020] 1 (2):1-9. Disponible en: <http://201.159.222.115/index.php/innova/article/view/7/8>

34. Pedraz Marcos, A., Zarco Colón, J., Ramasco Gutiérrez, M., Palmar Santos, A.M. Investigación cualitativa. [internet]. Barcelona: ELSEVIER; 2014 [consultado outubro 2020]. Disponível em: <https://corladancash.com/wp-content/uploads/2020/01/Investigacion-cualitativa-Azucena-Pedraz-Marcos-Juan-Zar.pdf>
35. Arantzamendi, M.; López-Dicastillo, Murieta, O; García Vivar, C. Investigación cualitativa: manual para participantes. 1. Ed. Eunate; 2012.
36. Groba González B. Impacto de las tecnologías de la información y las comunicaciones en el funcionamiento en la vida diaria de niños con trastorno del espectro del autismo [Tese de doutoramento], Universidade de A Coruña; 2015.
37. Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a COVID-19 para centros educativos en el curso 2020-2021 [internet]. 2020. Disponível em: <https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Medidas centros educativos Curso 2020 2021 17.09.20.pdf>
38. Mielles Barrera M.D., Tonon G., Alvarado Salgado S.V. Investigación cualitativa; el análisis temático para el tratamiento de la información desde el enfoque de la fenomenología social. Universitas Humanísticas [internet]. 19 de xuño de 2012 [consultado setembro 2020]; 41(74): 195-225. Disponível em: <http://www.scielo.org.co/pdf/unih/n74/n74a10.pdf>
39. Noreña Peña, A. et al. Aplicabilidad de los criterios de rigor y éticos en la investigación cualitativa. Aquichan [internet]. 2012 [consultado setembro 2020]; 12(3): 263-274. Disponível em: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4322420>
40. Ley Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de datos de Carácter Persoal. España: Boletín Oficial do Estado; 2018.

41. Asociación Médica Mundial AMM. Declaración Universal de Helsinki [internet]. Disponible en: <https://www.icf.uab.cat/assets/pdf/activitats/asclin/helsinki.pdf>
42. Berrueta Maeztu LM., Bellido Mainar JR, Arrasco Lucero LR. Los principios éticos de la intervención en terapia ocupacional. Revista Gallega de Terapia Ocupacional [internet]. 2004 [consultado setembro 2020]; (1): 1-34. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num1/pdfs/num1art1.pdf>
43. Aymerich Cano C.I. Código ético de la investigación de la Universidad de Coruña [internet]. A Coruña; 2019 p.4. Disponible en: https://www.udc.es/export/sites/udc/investigacion/galeria_down/comiteetica/CodigoEticoDeLaInvestigacionUDC.pdf_2063069294.pdf

3. Obxectivos

3.1. Xeral

Explorar as contribucións e desafíos que presenta a Terapia Ocupacional para favorecer a inclusión de nenos e nenas con diversidade funcional nunha escola ordinaria galega dende a voz da comunidade educativa.

3.2. Específicos

Os obxectivos específicos que se presentan son:

- Explorar a percepción e o significado que a comunidade educativa outorga o proceso de inclusión dos/as nenos/as con diversidade funcional.
- Describir dende a voz da comunidade educativa percibe que a Terapia Ocupacional pode contribuír á inclusión de nenos/as con diversidade funcional nunha escola ordinaria.
- Afondar nos desafíos e novas oportunidades de traballo que a Terapia Ocupacional pode desempeñar de cara á inclusión, dende a perspectiva da comunidade educativa

4. Metodoloxía

4.1. Tipo de estudo

A metodoloxía pola que se optou para levar a cabo este proxecto de investigación é a denominada metodoloxía cualitativa, baseada nun deseño fenomenolóxico. Este tipo de deseño ten como finalidade describir e entender os fenómenos a estudar dende a perspectiva construída de maneira colectiva. Deste xeito, basease no análise das experiencias individuais subxectivas dos/as participantes do estudo.³²

Outra das razóns que fai que a metodoloxía cualitativa sexa a mellor opción para este traballo é a súa particularidade en base á exploración da realidade e a experiencia humana. Deste xeito, asúmese a investigación dende a perspectiva do propio suxeito. A esencia deste tipo de metodoloxía é a comprensión da perspectiva da persoa ou grupo de persoas coas que se colaborará, coñecendo de maneira subxectiva como estes perciben a realidade que queremos estudar.³³ Neste caso, comprender dende a mirada da comunidade educativa como a T.O pode contribuír á inclusión nun entorno educativo.

Desta maneira, mediante este tipo de metodoloxía obteremos a información co fin de acadar coñecemento sobre a realidade de estudo, mantendo en todo momento unha perspectiva holística e comprensiva.³⁴

4.2. Posición da investigadora

A investigadora deste proxecto é unha alumna de prácticas de 4º curso do Grao de terapia Ocupacional na Universidade de A Coruña. As prácticas levadas a cabo durante Estancias prácticas VII (EPVII) foron o que motivou a necesidade de levar a cabo este proxecto. Tal e como se indicou no apartado 1.4 Xustificación, a estudante investigadora tivo a oportunidade de participar nun proxecto de intervención dirixido a fomentar a inclusión dende T.O. Isto comezou cunhas avaliacións previas do/a T.O do centro ao

alumnado con NEAE presentes en aulas ordinarias. En base aos resultados, mantivéronse reunións co profesorado correspondente, nas cales se acordaron un plan de intervención incluíndo a figura do/a T.O na aula (por medio da estudante investigadora). Unha vez nas aulas, tras valorar a situación dos/as nenos/as con diversidade funcional cuestionouse se na práctica a inclusión de todos/as os/as nenos/as era real. Cabe destacar que, a pesar de coñecer a certos usuarios e usuarias, a investigadora manterá durante a elaboración do estudo unha postura neutra.

Partindo desta base, a alumna considera esencial preguntar aos diferentes axentes da comunidade educativa que contribucións dende a perspectiva de T.O consideran que poden realizarse para favorecer a inclusión, así como tamén os desafíos respecto a intervención de dita disciplina neste mesmo ámbito.

4.3. Ámbito de estudo

O estudo céntrase nun colexio ordinario de Galicia. Dito centro comprende alumnado de nivel de infantil, primaria e secundaria. Ademais, conta con aulas específicas de educación especial, onde os/as nenos/as se distribúen en función de idades e cursos académicos. Este estudo ten en consideración tanto as aulas ordinarias como as aulas de educación especial.

4.4. Poboación do estudo e selección dos participantes

Para levar a cabo este proxecto terase en conta a participación da comunidade educativa: nenos/as, profesorado, familias e PAS (Persoas de administración e servizos) e profesorado.

A mostraxe será intencional, teórico (a selección da mostra prodúcese en resposta á análise de datos) e non probabilístico, polo que a estudante

investigadora buscará identificar individuos, contorno ou sucesos clave que proporcionen unha fonte rica de información.³⁵

Neste sentido, establecéronse uns criterios de inclusión e exclusións, reflectidos na seguinte táboa (Táboa II), para cada categoría dos posibles participantes.

Táboa II: Criterios de inclusión e criterios de exclusión.

<i>Participantes</i>	Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
<i>Alumnado</i>	<p>Estar matriculados no colexio onde se realizará o estudo.</p> <p>Ser alumno de Educación Primaria.</p>	<p>Persoas en situación aguda con sintomatoloxía positiva</p> <p>Non firmar o consentimento informado</p>
<i>Profesorado</i>	<p>Profesorado da comunidade educativa do colexio pertencente aos cursos de educación primaria.</p> <p>Pertencente a comunidade educativa dende mínimo seis meses.</p>	
<i>PAS</i>	<p>Pertencer á comunidade educativa dende mínimo 6 meses.</p>	
<i>Familias</i>	<p>Pai/Nai/Titor legal do alumnado de primaria.</p> <p>Manter un contacto periódico co colexio e participación activa</p>	

Táboa II: Elaboración propia

4.5. Entrada ao campo

Para acceder ao campo, neste caso a escola contamos coa colaboración do/a T.O presente no mesmo, quen sería porteiro da investigación. En primeiro lugar, poñeríámonos en contacto coa directora do centro, por medio dunha carta de presentación (Apéndice III) para presentar o noso proxecto e así presentar a aprobación para a realización do mesmo no colexio. Unha vez realizado a primeira toma de contacto co centro, e aprobado o proxecto por parte do departamento de Dirección (Apéndice IV), a estudante investigadora, en colaboración co/a T.O do centro, pasarían a realización dun tríptico para aportar información á comunidade educativa (nenos/as, profesorado, familias e PAS) sobre o estudo. Desta maneira, ás persoas interesadas en participar no mesmo, deberán poñerse en contacto coa investigadora. Ao mesmo tempo, procederase ao envío dun e-mail, coa mesma información, mediante a plataforma Abalar, a páxina web propia do centro ou a aplicación coa que se poñen en contacto coas familias

Unha vez a comunidade educativa é coñecedora do proxecto, estableceríase un prazo máximo de dúas semanas para que aquelas persoas interesadas en participar, poidan poñerse en contacto coa estudante investigadora principal do proxecto.

Tras coñecer que persoas están interesadas en participar no proxecto, a investigadora contactaría coas mesmas para entregarlles e explicarlles a Folla de Información (Apéndice VI) e Consentimento Informado (Apéndice VII), na cal se explican diferentes aspectos do estudo. Cabe dicir que, calquera dúbida ou proposición que se manifeste pódese presentar á investigadora, mediante un contacto persoal ou por vía e-mail, previo ao comezo do estudo.

Unha vez que o/a participante acepte participar no estudo, asinaría o consentimento informado (Apéndice VII) que entregaríamos persoalmente.

No caso do alumnado menor de idade, este documento (Apéndice VII) asinaríano os pais/nais ou titores responsable do mesmo. A pesar disto, optouse pola realización dunha folla de consentimento informado adaptada (Apéndice VIII) para nenos e nenas que manifestaban o seu interese e tamén presentaron habilidades de comprensión da linguaxe oral e, ou, escrito.³⁶

Finalmente, en todos os casos, faríase uso da estratexia bola de neve. Dita estratexia consiste en identificar casos de intereses a partir de que unha persoa coñece a alguén que coincide cos criterios de inclusión para poder participar no estudo.³⁵

4.6. Técnica de recollida de datos

O método empregado para a recollida de datos será unha entrevista semiestruturada dirixidas ao alumnado (Apéndice IX), ao profesorado e PAS (Apéndice X), a familias (Apéndice XI)

A entrevista consiste no intercambio verbal de comunicación interpersonal que ten como finalidade obter información en relación a un obxectivo.³⁵

Ao tratarse dunha entrevista semiestruturada caracterízase por ser flexible. Estará formada por unha serie de preguntas máis abertas en relación ao tema de estudo, deste xeito damos cabida a aportación de ideas que poden ser relevantes para a realización de novas preguntas.³⁵

O lugar de realización situarase dentro do entorno educativo ao que nos estamos a referir. Ao estar en situación de pandemia, darase a opción de realizar a entrevista telematicamente mediante a plataforma Teams. De non ser así, pasarase a cumprir as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte a COVID-19 para centros educativos no curso 2020-2021 segundo indicado ministerio de sanidade. Neste sentido, limitaranse os contactos, escollerase unha sala suficientemente ampla para

manter a distancia interpersonal de mínimo 1,5m., asegurar que haxa ventilación mantendo as ventás abertas, así coma manter medidas de hixiene persoal (lavar e desinfectar as mans antes e despois de entrar na sala) e uso de mascarilla.³⁷

Volteando á entrevista, cabe dicir que, previamente, ao comezo da mesma, solicitarase autorización para poder gravala. Isto facilitará a análise e interpretación de datos mediante a transcripcións das mesmas. É por isto último que se recomenda un entorno tranquilo e non moi ruidoso.

É importante destacar que o idioma das entrevistas variará segundo a persoa entrevistada considere, desta maneira favorecemos o seu benestar durante o proceso. A duración da entrevista será de 45 minutos -1 hora aproximadamente. Ao seu inicio procederase a realizar a presentación da investigadora. Seguida dos agradecementos pola participación á persoa que está presente. Deste xeito, explicaranse as cuestións éticas e así coma a resolución de dúbidas. Así mesmo antes de comezar indicárase a que grupo da comunidade educativa pertence (alumnado, profesorado, familias ou PAS), así coma a data e o lugar onde se leva a cabo a entrevista, idade e sexo de cada participante. Ademais, no caso do profesorado preguntárase por: formación académica previa e finalización da mesma, experiencia previa noutros traballos, formación académica en cuestións de inclusión educativa e experiencia profesional no ámbito da educación educativa. No caso do alumnado preguntárase en que curso académico se atopa, así coma canto tempo leva nese colexio.

Finalmente, indicar que, no caso do alumnado, se é necesario, realizarase unha análise e adaptación da entrevista en base aos principios de análise e adaptación da ocupación de T.O. Desta maneira adaptarase o documento ás habilidades das persoas participantes. Non se fai distinción entre alumnado con diversidade funcional e sen diversidade funcional, xa que se trata de presentar un enfoque inclusivo ao longo do estudo.

4.7. Análise e interpretación dos datos

O proceso de análise dos datos en metodoloxía cualitativa enténdese coma un proceso non lineal. É dicir, a evolución deste proceso constrúen accións, as cales realizamos para acadar os obxectivos da investigación e poder darlle resposta as cuestións do estudo.³²

O fin deste proceso é obter datos de persoas, comunidades, situacións e demais nas propias “ formas de expresión” de cadaquén. Neste tipo de recollida de datos búscanse percepcións, imaxes mentais, crenzas, emocións, interaccións, etc. Desta maneira, inténtase analizar cada un destes aspectos e poder responder á pregunta de investigación e xerar coñecemento.³²

O análise que se realizara será tipo temático. Este tipo de análise atópase definido coma un método para traballar a información en investigación cualitativa, deste modo permite identificar, organizar e analizar a información para crear uns resultados que propicien comprensión sobre o fenómeno de estudo.³⁸ O proceso de análise de datos está conformado por diferentes etapas. Na primeira delas a investigadora encargarse de escoitar as gravacións das entrevistas realizadas, desta maneira, comezará a familiarización cos datos e información obtida. Posteriormente a isto realizarase, a transcripción das mesmas, as cales se lerán e escoitarán de novo para poder facer un análise máis concreto. Unha vez realizado isto, poderase iniciar a codificación de datos e categorización dos mesmos. É dicir, a investigadora comeza a busca e revisión de temas, seguindo coa definición e denominación dos mesmos. Deste xeito, pasarase a realizar un informe final sustentado na comprensión e interpretación da información recollida.³⁸

4.8. Criterio de rigor e calidade da investigación

O rigor e a calidade da investigación cualitativa é o concepto transversal no desenvolvemento dun proxecto de investigación, o cal permite valorar a

aplicación científica dos métodos de investigación, e das técnicas de análise para a obtención e o procesamento dos datos. A continuación describimos os criterios de rigor empregados neste estudo:³⁵

- **Credibilidade:** O concepto de credibilidade fai referencia ao valor da verdade. Este criterio permite evidenciar os fenómenos e experiencias humanas tal e como son percibidos polos participantes.³⁹

Este criterio de rigor pódese verificar por medio da transcripción textual das entrevistas, así como coas observación realizadas pola investigadora nas notas de campo.

- **Transfirabiliade:** O feito de transferir os resultados obtidos a outros contextos denomínase transfirabilidade. Para que o estudo sexa transferible é necesario unha descrición minuciosa das características do contexto en que se realiza a investigación e dos suxeitos participantes.³⁹

Neste proxecto, cómprese este criterio ao especificar á metodoloxía do traballo, concretamente o ámbito de estudo e os criterios de selección dos participantes.

- **Consistencia:** A dependencia fai referencia á estabilidade dos datos. O feito de que un estudo en IC non se poida replicar, debido ás diversas situacións, fai que a estabilidade dos datos non estea garantida. Explicamos de maneira exhaustiva na metodoloxía o proceso do traballo, outro investigador pode levalo a cabo de maneira similar pero non igual. En cualitativa dásele importancia ao contexto, polo que non pode replicar o mesmo.³⁵

- **Confirmabilidade:** Este criterio contempla o posicionamento do/a investigador/a, é dicir, en todo momento debe ser consciente de que a súa posición respecto ao estudo, pode influír negativamente en canto á aparición de sesgos.³⁹

Neste proxecto, cúmprese o criterio de confirmabilidade no apartado adicado a describir o posicionamento da investigadora.

4.9. Plan de continxencias

Neste apartado preséntanse as posibles limitacións coas que nos podemos atopar á hora de levar a cabo o proxecto.

Unha das primeiras limitacións que se pode presentar poder ser o rexeitamento do alumnado a participar no estudo. Un dos motivos polos que pode ocorrer isto é pola falta de información acerca do estudo, tal que non comprenden o motivo da realización do mesmo. Isto poderase solucionar coa realización de reunións, onde se profundaría na explicación do estudo, entrega de trípticos informativos e tamén enviando cartas informativas aos participantes que o requiran.

A falta de motivación tamén pode ser outro factor que interfira negativamente á hora de expresarse no momento da entrevista. Deste xeito, pode que a información que se obteña non sexa acorde coa realidade. Esta limitación poderase solucionar plasmando a aplicabilidade do estudo, así como a importancia do mesmo. É dicir concienciando da credibilidade do estudo.

No que respecta ás familias, poden desenvolver unha actitude desfavorable cara á participación dos/as fillos/as no estudo. Ante esta limitación a investigadora, igual que no caso anterior, pasará a explicar a importancia do estudo. É necesario analizar a realidade para poder traballar sobre ela e así mellorar diferentes aspectos, como pode ser, neste caso, a inclusión.

4.10. Aplicabilidade

A aplicabilidade do presente estudo será de utilidade, en primeiro lugar, para concienciar e sensibilizar á comunidade educativa, incluíndo na comunidade educativa a nenos/as, profesorado, PAS e familias.

A través do estudo, será posible determinar con maior facilidade e precisión o escenario actual en relación á inclusión do alumnado nun colexio ordinario. Desta maneira, fomentaremos o coñecemento da situación actual da inclusión neste contexto.

Para concluír este apartado, situar o foco a nivel profesional, este proxecto axudará a aumentar a calidade das intervencións de Terapia Ocupacional no ámbito educativo. Como consecuencia, poderase valorar favorablemente a inclusión da figura de TO nos colexios ordinarios.

5. Plan de traballo.

O estudo terá unha duración aproximada de 11 meses, comezando en marzo de 2021 coa indagación bibliográfica e prolongándoo ata febreiro de 2022. O proceso reflíctese na seguinte táboa (Táboa III):

Táboa III. Plan de traballo

	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D	E	F
Indagación bibliográfica												
Presentación ao comité de ética												
Aceptación do comité												
Entrada ao campo												
Selección de participantes												
Recollida de datos												
Análise e interpretación de datos												
Elaboración do documento												
Divulgación												

Táboa III de elaboración propia

6. Aspectos éticos

O proxecto de investigación cumpre todas as consideracións éticas recollidas, en primeiro lugar, na Ley Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de datos de Carácter Persoal, onde se vela pola confidencialidade e anonimato de todos/as os/as participantes do estudo.⁴⁰

Así mesmo, adoptáronse as medidas de boa práctica en investigación reflectidas na Declaración de Helsinki da Asociación Médica Mundial ⁴¹ e tamén no Código Ético de TO (WFOT 2016) ⁴². Solicitarase, ademais, o permiso de realización ao Comité de Ética pertencente á Universidade de A Coruña (UDC).⁴³

Tendo en conta todo o anterior, foi preciso a elaboración de dous documentos: por un lado, a folla de información (Apéndice VI) será empregada para os diferentes axentes participantes do estudo e por outro, o consentimento informado (Apéndice VII), os cales será realizado para os representantes legais dos/as nenos/as, familias, profesorado e PAS. Neste caso realizouse un consentimento informado específico para os nenos e nenas (Apéndice VIII) que amosen interese na participación do estudo. Deste modo, fanse coñecedores a todos/as os/as participantes do estudo sobre o proceso de investigación e desenvolvemento do mesmo.

7. Plan de difusión de resultados

Unha vez rematado o estudo e a elaboración do documento final procederemos a divulgación do mesmo. Este proceso levarase a cabo en congresos, revistas (tanto de índole nacional coma internacional) e exposicións á comunidade.

- Congresos:
 - i. Congress of the World Federation Of Occupational Therapists(WFOT). París, Francia. 2022

- ii. XXIX Congreso Internacional sobre Aprendizaje
- Revistas Nacionais:
 - i. TOG
 - ii. Revista Galega de Educación
- Revistas Internacionais:
 - i. Australian Occupational Therapy Journal (AOTJ). JCR: 1.055
 - ii. Canadian Journal of Occupational Therapy. JCR: 0.966
 - iii. British Journal of Occupational Therapy. JCR: 0.960
 - iv. Journal of Occupational Therapy, Schools, & Early Intervention (SJR: 0.241)
- Exposicións na comunidade:
 - i. Talleres/Conferencias dirixidas a persoas interesadas
 - ii. Talleres de concienciación para profesorado de escolas.

8. Financiación da investigación

8.1. Recursos precisos

Para a elaboración deste proxecto é preciso unha serie de recursos, os cales se clasificarán en recursos humanos, infraestrutura, recursos materiais, desprazamentos e gastos de difusión.

- Recursos humanos: inclúe un/unha T.O investigador/a durante un período de once meses e cuxo papel será o de desempeñar as funcións investigadoras. O proxecto será levado a cabo en anos posteriores de estudos como parte do Trabajo Fin de Máster (TFM).
- Infraestrutura: os espazos físicos que require a realización do proxecto atópanse no centro educativo.
- Recursos materiais: veñen incluídos recursos tanto funxibles como non funxibles. Entre os primeiros atópanse: bolígrafos, paquetes de folios,

adhesivos, fotocopias. Os materiais non funxibles abarcan os seguintes: impresora, ordenador portátil propio, cartucho de tinta branco e negro, gravadora de audio portátil.

- Desprazamentos: este apartado refírese aos gastos de transporte ata o colexio onde se realiza a investigación.

De seguido, amósanse os gastos estimados aos que se fixeron referencia anteriormente (táboa IV).

Táboa IV. Recursos necesarios.

RECURSOS		CUSTO	
Tipo de recursos	Concepto		
Infraestructura	Aula	0 €	
Humanos	Investigador principal	0 €	
Materiais	Funxible	Libretas	2 €
		Bolígrafos Bic	1 €
		Adhesivos	5 €
		Folios 500gr	6 €
		Tinta de impresora	120 €
		Fotocopias	10 €
	Non funxible	Ordenador propio	0€
		Impresora propia	0€
		Gravadora	60€
		USB 16 GB	5 €
Outros gastos	Chamadas (14GB, chamadas ilimitadas)	30,99€	
	Publicacións en revistas	1.200 €	
	Congresos	400€	
	TOTAL	1839,99€	

Táboa de elaboración propia

8.2. Posibles fontes de financiación

Para conseguir os fondos económicos que require a investigación, foi necesaria a pescuda de diferentes

- Programas de Ayudas a Proyectos de Iniciativas Sociales. Convocado por Obra Social *La Caixa*.
- Ayudas a la investigación Ignacio H. De Larramendi de Fundación Mapfre.
- Becas FEEC (Fundación Española del Enfermo Crítico) de Investigación 2021

9. Agradecementos

Aos directores deste traballo, César Bouzón Seoane e Silvia Veiga Seijo. Grazas por guiarme neste proceso e acompañarme en todo momento, por animarme e confiar en min nos momentos máis complexos. Grazas por comprender as miñas ideas e axudarme a reflectilas neste proxecto. Grazas

Agradecer tamén a miña familia por non deixar de animarme. Sodes vos os que me soubétedeste transmitir estes valores, para loitar polo que un quere a pesar das dificultades que se lle antepoñan na vida. En especial, agradecer a miña irmá, porque sen a súa axuda e apoio, non sería capaz. Por abrazarme cada vez que o precisei neste proxecto e dicirme: “valo a conseguir”

Apéndice I: Glosario

- **ACNEAE:** Alumnado con Necesidad Específica de Apoyo Educativo.
- **ACNEE:** Alumnado con Necesidad Educativas Especiales.
- **AOTA:** Asociación Americana de Terapia Ocupacional.
- **FVI:** Foro da Vida Independiente
- **LGE:** Ley General de Educación
- **LISMI:** Ley de Integración Social de los Minusválidos.
- **LODE:** Ley Orgánica reguladora del Derecho a la Enseñanza.
- **LOECE:** Ley Orgánica por la que se regula el Estatuto de Centros Escolares.
- **LOGSE:** Ley Orgánica General del Sistema Educativo.
- **LOMCE:** Ley Orgánica para la Mejora de la Calidad Educativa
- **ODS:** Objetivos de Desarrollo Sostenible
- **ONU:** Organización de las Naciones Unidas.
- **PAS:** Persoal de administración e Servicios
- **RCB:** Rehabilitación basada en la comunidad
- **TFM:** Trabajo Fin de Máster
- **TO:** Terapia Ocupacional
- **UDC:** Universidade de A Coruña
- **UNESCO:** Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura (en inglés “United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization”).
- **WFOT:** Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionales.

Apéndice II: Táboa de evolución lexislativa

<p>Ley General de Educación y Financiación de la Reforma Educativa</p> <p>Real Decreto. Ley 13/1982</p>	<p>4 de agosto de 1970</p>	<p>Incorporación de concepto de integración escolar e consideración da Educación Especial paralelo ao ordinario</p>	<p>Artigo 49.1: terá como finalidade preparar, mediante o tratamento educativo adecuado, a todos os deficientes e inadaptados para unha incorporación á vida social tan plena como sexa posible en cada caso, segundo as súas condicións e resultado do Sistema Educativo; e a un sistema de traballo en todos os casos posibles, que lles permita servirse a sí mesmos e sentirse útiles á sociedade</p>
<p>Ley Orgánica del Derecho a la Educación (LODE)</p>	<p>1985</p>	<p>Dinámica integradora, creación aun Centro Nacional de Recursos para a Educación Especial.</p>	

<p>Real Decreto 696/1995. Ley Orgánica de Ordenación General del Sistema Educativo (LOGSE)</p>	<p>1990</p>	<p>Reforma educativa que integra o concepto de necesidades especiais</p>	
<p>Ley Orgánica 2/2006 (LOMCE)</p>	<p>2006</p>	<p>Definición de inclusión. Definición de alumnado con necesidades educativas especiais.</p>	<p>Artigo 73: aquel que requira por un período da súa escolarización ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conducta. Artigo 74: A escolarización do alumnado que presenta necesidades educativas especiais rexirase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e a permanencia no sistema educativo, podendo introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario</p>

<p>Ley Orgánica 3/2020, de 19 dicimbre (Celaá)</p>	<p>2020</p>	<p>Especial énfase en garantir a inclusión educativa, na atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, participación e convivencia.</p>	<p>Artigo 75: reforzo da inclusión educativa, as administracións poderán incorporar á súa oferta educativa as linguas de signos españolas.</p> <p>Artigo 74: corresponde ás Administracións educativas promover a escolarización na educación infantil do alumnado que presente necesidades educativas especiais e desenvolver programas para a súa axeitada escolarización nos centros de educación primaria e secundaria obrigatorios.</p> <p>Corresponde asimismo ás Administraciones educativas favorecer que o alumnado con necesidades educativas especiais poida continuar a súa escolarización de maneira adecuada en todos os niveis educativos pre e postobrigatorios; adaptar as condicións de realización das probas establecidas en esta Ley...; proporcionar os recursos e apoios complementarios necesarios e proporcionar as atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos de algún tipo durante o curso escolar.</p>
--	-------------	--	---

Táboa de elaboración propia con fonte de información no Boletín Oficial do Estado (BOE)

Como pode a Terapia Ocupacional favorecer a inclusão?

Apéndice III: Carta ao centro educativo

Estimada director/a do centro educativo,

Son Uxía Leis Piñeiro, estudante da Universidade de A Coruña. Actualmente estou realizando prácticas de 4º curso do Grao de Terapia Ocupacional no seu centro.

Envío esta carta coa finalidade de informarlle sobre o meu Traballo de Fin de Grado, cuxo obxectivo é: "Explorar as contribucións e desafíos que presenta a Terapia Ocupacional para favorecer a inclusión de nenos e nenas con diversidade funcional nunha escola ordinaria galega dende a voz da comunidade educativa."

Neste sentido, gustaríame solicitar o consentimento pola súa parte para poder realizar as entrevistas aos nenos e nenas, familia, profesorado e PAS, pertencentes a este centro, que cumpran cos criterios de inclusión.

Gustaríame poder contar coa súa colaboración para a realización do proxecto de investigación.

Quedo a súa disposición.

Un cordial saúdo.

Uxía Leis Piñeiro

Apéndice IV: Aceptación da colaboración por parte do centro educativo

Autorización e aceptación por parte do centro educativo

Título: Como pode a Terapia Ocupacional favorecer a inclusión nunha escola ordinaria? Proxecto de investigación dende a voz da comunidade educativa.

Eu _____, Directo/a del centro _____. Lín a folla de información ao participante e autorizo á investigadora o acceso aos participantes precisos para o estudo.

Fdo.: O/A directo/a do centro
(Nome, sinatura e data)

Fdo.: A investigadora
(Nome, sinatura e data)

Apéndice V: Folla de información para o representante legal

Título: Como pode a Terapia Ocupacional favorecer a inclusión nunha escola ordinaria? Proxecto de investigación dende a voz da comunidade educativa.

Investigadora: Uxía Leis Piñeiro

Director e directora: César Bouzón Seoane e Silvia Veiga Seijo.

Centro: Facultade de Ciencias da Saúde. Grao en Terapia Ocupacional, Universidade de A Coruña (UDC)

Este documento ten como fin último informar sobre o estudo de investigación, ao cal está convidado/a a participar.

No caso de que a decisión sexa afirmativa respecto a participación no estudo, deberá de recibir a información personalizada por parte do investigador, ler previamente este documento e formular calquera tipo de cuestión que lle axuden na comprensión do mesmo estudo. Si así o desexa pode levar o documento, revisalo, consúltalo con outras persoas e tomarse o tempo que precise para tomar a decisión definitiva de si participar ou non. Dita participación é totalmente voluntaria, é dicir, vostede pode decidir se a persoa a que representa pode ou non participar. Dita decisión pódese cambiar en calquera momento, retirando o consentimento, sen ter que aportar ningún tipo de explicación. Aseguramos que esta decisión non terá ningunha repercusión respecto a relación co/a Terapeuta Ocupacional ou calquera outro profesional relacionado con este estudo, ou co centro educativo.

Cal é o propósito do estudo?

O fin último deste traballo de investigación é “Explorar as contribucións e desafíos que presenta a Terapia Ocupacional para favorecer a inclusión de nenos/as con diversidade funcional nunha escola ordinaria dende a voz da comunidade educativa.”

Do mesmo xeito, os obxectivos específicos son:

- Explorar a percepción e o significado que a comunidade educativa outorga o proceso de inclusión dos/as nenos/as con diversidade funcional.
- Describir dende a voz da comunidade educativa percibe que a Terapia Ocupacional pode contribuír á inclusión de nenos/as con diversidade funcional nunha escola ordinaria.
- Afondar nos desafíos e novas oportunidades de traballo que a Terapia Ocupacional pode desempeñar de cara á inclusión, dende a perspectiva da comunidade educativa

Por que me ofrecen participar a min?

Vostede é convidado a participar porque cumpre cos criterios de inclusión e exclusión. Os criterios son: ser pai/nai ou titor legal responsable dun menor matriculado no centro educativo onde se realiza o estudo e está cursando educación primaria.

En qué consiste a miña participación?

A súa participación consiste en permitir que se lle realicen unha entrevista á persoa que vostede representa. Dita entrevista, será gravada para, posteriormente, poder realizar unha análise en profundidade.

Todos os datos recollidos serán codificados, gardados de maneira anónima e posteriormente destruíranse co fin de non poñer en risco a ningunha persoa. Para elo, manterase a confidencialidade baixo a protección de datos.

Que molestias ou inconvenientes ten a miña participación no estudo?

O estudo non terá ningún inconveniente ou molestia para os familiares ou titores legais, nin no seu caso para os participantes.

A única molestia que podería ocasionar sería o tempo empregado á realización da entrevista.

Que beneficios obteño por participar?

Non se espera que o estudo teña algún beneficio. A excepción de coñecer os resultados da realización do estudo.

Recibirei a información obtida do estudo?

Se vostede o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados do estudo.

Publicaránse os resultados deste estudo?

Os resultados obtidos da realización do estudo serán empregados para elaborar o traballo de investigación.

Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?

O tratamento, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto pola Ley Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo momento vostede poderá acceder aos datos, opoñerse, corrixilos ou cancelalos, solicitando ditos procedementos ante o investigador. Tan só os membros do equipo investigador poderán acceder os datos recollidos.

A responsable de manter a confidencialidade dos datos é a investigadora, Uxía Leis Piñeiro

Existen intereses económicos no estudo?

A investigadora non obterá ningún beneficio económico pola elaboración do estudo. Así mesmo, vostede non terá ningún tipo de retribución pola súa participación no mesmo.

Contacto co equipo de investigación do estudo.

Vostede pode contactar con María Gómez Taboada, estudante de cuarto curso de Terapia Ocupacional, no teléfono _____e no email_____.

Moitas grazas pola atención e a colaboración

Apéndice VI: Folla de información ao participante nun estudo de investigación

FOLLA DE INFORMACIÓN AO PARTICIPANTE NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

Título: Como pode a Terapia Ocupacional favorecer a inclusión nunha escola ordinaria? Proxecto de investigación dende a voz da comunidade educativa.

Investigadora: Uxía Leis Piñeiro

Estimado Sr./Sra.:

Son Uxía Leis Piñeiro, estudante de cuarto 4º curso do Grao de Terapia Ocupacional pola Universidade de A Coruña. Este proxecto de investigación forma parte da sinatura “Traballo de Fin de Grao”. Dito proxecto está dirixido por Silvia Veiga Seijo e César Bouzón Seoane.

Este documento ten como fin último informar sobre o estudo de investigación, ao cal está convidado/a a participar.

No caso de que a decisión sexa afirmativa respecto a participación no estudo, deberá de recibir a información personalizada por parte do investigador, ler previamente este documento e formular calquera tipo de cuestión que lle axuden na comprensión do mesmo estudo. Si así o desexa pode levar o documento, revisalo, consúltalo con outras persoas e tomarse o tempo que precise para tomar a decisión definitiva de si participar ou non. Dita participación é totalmente voluntaria, é dicir, a decisión principal de decidir ou non pódese cambiar en calquera momento, retirando o consentimento, sen ter que aportar ningún tipo de explicación. Aseguramos que esta decisión non terá ningunha repercusión respecto a relación co Terapeuta Ocupacional ou calquera outro profesional relacionado con este estudo, ou co centro educativo.

Deseguido, móstrase a información precisa para comprender o estudo

¿Cal é o propósito do traballo?

O fin último deste traballo de investigación é “Explorar as contribucións e desafíos que presenta a Terapia Ocupacional para favorecer a inclusión de nenos/as con diversidade funcional nunha escola ordinaria dende a voz da comunidade educativa.”

Do mesmo xeito, os obxectivos específicos son:

- Explorar a percepción e o significado que a comunidade educativa outorga o proceso de inclusión dos/as nenos/as con diversidade funcional.
- Describir dende a voz da comunidade educativa percibe que a Terapia Ocupacional pode contribuír á inclusión de nenos/as con diversidade funcional nunha escola ordinaria.
- Afondar nos desafíos e novas oportunidades de traballo que a Terapia Ocupacional pode desempeñar de cara á inclusión, dende a perspectiva da comunidade educativa

Por que me ofrecen participar a min?

Consideramos oportuna a súa participación xa que é presenta un vínculo directo en relación ao tema de estudo desta investigación. É dicir, creemos que a súa colaboración pode aportar información útil pola relación e colaboración que mantén co entorno educativo.

Do mesmo xeito, vostede cumpre cos criterios de inclusión deste proxecto: pertence a comunidade educativa, sendo profesorado, persoal de administración e servizos ou familia do alumnado de primaria, presente un mínimo de 6 meses no centro educativo.

En que consiste a miña participación?

O seu rol neste proxecto será o de ser participante no estudo.

Para ser participante do estudo debe realizar a entrevista semiestructurada a cal será gravada para a futura análise en profundidade respecto a información recollida. A duración da entrevista será entre 45 minutos e 1 hora.

Finalmente, tamén aceptaría a difusión dos resultados obtidos con fins investigadores e formativos.

Que riscos ou inconvenientes ten a miña participación?

A realización deste estudo implica á realización dunha entrevista, polo que o proxecto non implica ningún tipo de inconveniente para a súa saúde.

Que beneficios obteño por participar?

Como membro da comunidade educativa, unha vez que se poña en práctica o obtido tras a realización deste proxecto, poderá observar cambios dirixidos á inclusión de todos/as os/as nenos/as. Preténdense coñecer aspectos pouco claros ou descoñecidos respecto á inclusión dende T.O.

Cabe destacar que nin a investigadora nin a persoa participante obterán beneficios económicos.

Recibirei a información que se obteña?

En caso de que vostede desexe obter dita información, será proporcionada sen ningún contratepo. De todos xeitos, se precisase axuda para interpretar o estudo sería posible establecer unha reunión coa investigadora.

Publicaranse os resultados do estudo?

Unha vez rematado o proxecto de investigación, pasarase a realizar un traballo de publicación e divulgación do análise e dos resultados do estudo. Calquera dato que se divulgue referente a este estudo estará codificado, de tal xeito que non se identifique aos participantes.

Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?

O tratamento, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto pola Ley Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo momento vostede poderá acceder aos datos, opoñerse, corríxilos ou cancelalos, solicitando ditos procedementos ante o investigador. Tan só os membros do equipo investigador poderán acceder os datos recollidos.

A responsable de manter a confidencialidade dos datos é a investigadora, Uxía Leis Piñeiro

Existen intereses económicos neste estudo?

Ningún participante, nin a investigadora, nin ningún director do traballo de investigación obterá beneficios económicos por participar ou realizar este traballo.

Como contactar coa investigadora do estudo?

Se ten algunha cuestión respecto ao tema do estudo, previamente ou durante o proceso do mesmo, pode contactar coa investigadora, Uxía Leis Piñeiro, a través do correo electrónico:

Moitas grazas pola súa colaboración.

Uxía Leis Piñeiro.
Estudiante de Terapia Ocupacional

Apéndice VII: Consentimento informado

CONSENTIMENTO INFORMADO

TÍTULO DO ESTUDO: Como pode a Terapia Ocupacional favorecer a inclusión nunha escola ordinaria? Proxecto de investigación dende a voz da comunidade educativa.

Eu, _____,

- Lín previamente a folla de información ao participante do estudo, así como tamén recibín toda a información persoalmente por parte da investigadora, Uxía Leis Piñeiro, e realicei as preguntas consideradas necesarias para comprender o obxectivo do estudo e as condicións do mesmo.
- Coñezo a voluntariedade para participar no estudo, e que podo abandonar o mesmo no momento que considere oportuno, sen ter que afondar en xustificacións ao respecto.
- Autorizo que se empreguen os meus datos, así como toda a información recollida, seguindo as condicións reflectidas na folla de información ao participante.
- Garanto voluntariamente a miña conformidade para participar no estudo.

Respecto á conservación e/ou emprego dos datos descritos na folla de información, exponse que:

- Non, accedo a que os meus datos sexan conservados unha vez rematado o estudo.
- Si, accedo a que os meus datos se conserven unha vez rematado o estudo para o seu uso en liñas posteriores de investigación, e nas condicións acordadas.

Respecto aos resultados que se obterán do estudo:

Como pode a Terapia Ocupacional favorecer a inclusión?



- Desexo coñecer os resultados. (Neste caso deberá de facilitarnos un correo electrónico para poder enviarlle os mesmos).
- Non desexo coñecer os resultados.

Asdo: O/A Participante
(Nome, sinatura e data)




Asdo: A investigadora
(Nome, sinatura e data)

Apéndice VIII: Consentimento adaptado para nenos/as





Sí, quero participar no estudo.



Non quero participar no estudo.

Apéndice IX: Guión de entrevista para o alumnado

Código:

Idade:

Sexo:

Data de realización da entrevista:

Lugar de realización da entrevista:

Curso académico:

Anos no centro:

Obxectivos	Alumnado	Preguntas de seguimento
<p>Explorar a percepción e significado que a comunidade educativa outorga á inclusión dos/das nenos/as con diversidade funcional</p>	<p>Sabes o que é a inclusión? Como xogas co resto dos/das compañeiros/as? Participades todos/as da mesma maneira?</p>	
<p>Describir dende a voz da comunidade educativa como a Terapia Ocupacional pode contribuír á inclusión</p>	<p>Sabes o que é a Terapia Ocupacional? Sabes en que consiste o seu traballo? Que fai o Terapeuta Ocupacional no colexio? En que lugar traballa? Está con todos/as os/as nenos/as?</p>	<p>Podería contarme un pouco sobre...? A que se refire cando di que...? Se lle pedise un exemplo de...?</p>
<p>Dar a coñecer novas estratexias de traballo a aplicar á Terapia Ocupacional para colaborar á inclusión</p>	<p>Que mais crees que podería facer un Terapeuta Ocupacional para que todos/as os/as nenos/as participasen nas mesmas tarefas e compartisen os/as mesmos espazos?</p>	

Apéndice X: Guión de entrevista para o profesorado e PAS

Código:

Idade:

Sexo:

Data de realización da entrevista:

Lugar de realización da entrevista:

Curso académico no que impartes clases:

Anos no centro:

Formación anterior relacionada coa educación inclusiva:

Experiencia anterior relacionada coa educación inclusiva:

Obxectivos	Profesorado e PASS	Preguntas de seguimento
<p>Explorar a percepción e significado que a comunidade educativa outorga á inclusión dos/das nenos/as con diversidade funcional</p>	<p>Consideras que existe inclusión nesta escola? En que se basea para a resposta anterior? Cales son os obxectivos establecidos respecto á inclusión? Considera que se pode mellorar o proceso inclusivo? Que tipo de limitacións se atopan para acadar os obxectivos inclusivos? Como é a resposta dos/das participantes no proceso?</p>	<p>Podería contarme un pouco sobre...? A que se refire cando di que...? Se lle pedise un exemplo de...?</p>
<p>Descibir dende a voz da comunidade educativa como a Terapia Ocupacional pode contribuír á inclusión</p>	<p>Recoñeces os obxectivos que se plante a Terapia Ocupacional? Cales son as estratexias de traballo que emprega para favorecer a inclusión? Que recursos emprega? Observa a eficacia/cambios tras as intervencións de T.O?</p>	
<p>Dar a coñecer novas estratexias de traballo a aplicar á Terapia Ocupacional para colaborar á inclusión</p>	<p>Consideras oportuno unha mellora no cambio de inclusión? Desde Terapia Ocupacional cambiarías/ engadirías outras estratexias de traballo tendo coma obxectivo a inclusión?</p>	

Apéndice XI: Guión de entrevista para as familias

Código:

Idade:

Sexo:

Data de realización da entrevista:

Lugar de realización da entrevista:

Curso académico do familiar:

Participación anterior en actividades do colexio:

Obxectivos	Familias	Preguntas de seguimento
<p>Explorar a percepción e significado que a comunidade educativa outorga á inclusión dos/das nenos/as con diversidade funcional</p>	<p>Como definirías a inclusión? Consideras oportuna a inclusión de determinados/as nenos/as na aula ordinaria? Como crees que se está levando a cabo a inclusión na escola? Que tipo de resultados/cambios observar como membro externo do colexio? Que modificacións levarías a cabo para fomentar a inclusión? Como sería para vostede un ambiente inclusivo na escola?</p>	<p>Podería contarme un pouco sobre...? A que se refire cando di que...? Se lle pedise un exemplo de...?</p>
<p>Descibir dende a voz da comunidade educativa como a Terapia Ocupacional pode contribuír á inclusión</p>	<p>Coñeces a Terapia Ocupacional? Crees que a contribución da T.O contribúe á inclusión? Como traballa o Terapeuta Ocupacional na escola para favorecer a inclusión? Cree oportuno a figura da Terapia Ocupacional no colexio para acadar a inclusión?</p>	
<p>Dar a coñecer novas estratexias de traballo a aplicar á Terapia Ocupacional para colaborar á inclusión</p>	<p>Que cambios consideras oportunos para fomentar a inclusión? Crees que algúns deses cambios os pode levar a cabo o/a Terapeuta Ocupacional? Que outro métodos valoras oportunos para mellorar a inclusión dende Terapia Ocupacional?</p>	